

CERTIFICADO
ACTA DO FALLO DA “XXIV EDICIÓN CERTAME LITERARIO
MANUEL-ORESTES RODRÍGUEZ LÓPEZ”.

Reunidos no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as doce horas e quince minutos do día vinte e oito de maio de dous mil dezanove, o xurado formado polos Señores D. José Manuel Mato Díaz, Alcalde do Concello de Paradela como Presidente; D. Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia; D. Santiago Rodríguez López (Fillo do homenaxeado); D. Xesús Mato Mato (Crego e musicólogo); D. Xulio Xiz Ramil (escritor e xornalista); D. Xavier Rodríguez Barrio (poeta) e D. Ángel Fernández López (escritor e fillo predilecto de Paradela) como vogais; e D. José López González, que da fe do acto.

Constituíuse o xurado en forma e coa ausencia de D. Valentín García Gómez, D. Xavier Rodríguez Barrio e D. Santiago Rodríguez López que delegaron e remitiron as súas valoracións nos membros do xurado que asisten ao acto.

Nesta edición presentáronse setecentas setenta (770) obras, das cales trescentas cincuenta obras (350) corresponden á categoría de poesía e catrocentas vinte (420) á de

A continuación o xurado procedeu a calificar as obras presentadas e atopadas conforme as bases no seu día aprobadas, sinalando o nivel alto dos participantes, sobre todo en narrativa donde hai moita calidade e resultou moi dificultoso outorgar só cinco premios.

O xurado por unanimidade dos membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar o premio de **POESÍA**, á obra presentada baixo o lema “*Ceo limpo*” titulada **CANDO OS NENÚFARES PODREZAN**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Don Carlos López Fernández**, nado en Ferrol e residente en Vilalba (Lugo).

Así mesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits** no apartado de **POESÍA**.

-Primeiro Accésit, a obra co lema *O tempo da paz perpetúa* e título **AMIGO MEU**, cuxo autor é **D. Esteban Perelló Renedo**, natural de Barakaldo e residente en Valladolid.

Segundo Accésit, á obra presentada co lema *Saúl*, e o título **EL ECO DEL LATIR** cuxo autor é **D. Crecencio Blanco Paez**, natural de Cuba.

As mencións de Honra recaeron, na obra baixo o título **EL TIEMPO SIN TRAMPAS**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Dona Tamara García Carralero**, de Galdakano - Vizcaia e a obra baixo o lema *Horizontes*, co título **DESEOS**, cuxo autor é **Don Jesús G. Moreda Gamundi**, de Castellón.

SEGUNDO.- Outorgar o premio de **NARRATIVA**, á obra presentada baixo o lema *Alba* e co título **RONSEL DE ESTRELAS**. Aberto o sobre compróbase que a obra pertence a **Don Xulio Romero Suárez**, de Arteixo (A Coruña).

Así mesmo, o Xurado acorda outorgar dous **Accésits no apartado de NARRATIVA**.

- **Primeiro Accésit**, á obra presentada baixo o título **EL CASO DE DIOS**, compróbase que o seu autor é **Don Antonio Galdón Palomares**, natural de Alcira (Valencia).

- **Segundo Accésit**, á obra presentada baixo o título **EL SUEÑO Y VISIÓN DE CONSTANTINO. EL MANUSCRITO OCULTO DE LACTANCIO**, sendo o seu autor **Don Juan Ramón Blanco Aristín**, natural de Palencia e residente en Galapagar (Madrid).

As dúas mencións de Honra recaeron na obra baixo o lema *Mr. Jones*, e co título **GALERNA**, cuxo autor é **Don Carlos Serrano Lorigados**, de Cantabria e a obra baixo o lema *Farruco*, e co título **SANTA COMPAÑA**, pertencendo a **Don Eloy Rodríguez Vidal**, natural de Ferrol e residente en Londres.

E para constancia do tratado, levántase a presente acta, que é asinada por todos os membros, en Paradelas na data arriba indicada, sendo as trece horas e quince minutos, do que eu, como Secretario dou fe.